

Estimada Carmen:

Son Silvia Tasende, alumna túa do Máster fai catro anos, que aínda sego a preparar as oposicións a Educación na rama de Lingua e Literatura. Agardo cada convocatoria como a posibilidade de conseguir a estabilidade que non atopo no mercado laboral e que pode dar confort a miña vida. Prepárome a conciencia e levo moitas horas roubadas á familia e ao sono. Eu penso que esta vez vounas a aprobar porque cada vez vou mais preparada.

Estamos vivindo una crise que nos sobrepasa a todos e póño-me na pel das persoas que coma ti teñen que tomar decisións que abranguen a moitas persoas e familias. Imaxino que pouco descansaredes pola noite.


Despois de asistir abraiada a campaña nos medios dunha parte dos opositores solicitando o seu aprazamento, véxome na obriga, como xornalista e tamén como opositora, de dar a opinión de todas aquelas opositoras e opositores que desexamos cada ano a saída da convocatoria como a única verdadeira posibilidade de acadar os nosos obxectivos. E as esperanzas depositadas nesta oposición en cuarentena.

Non entendo aos opositores que non queren oposicións como non entendo aos parados que non queren unha entrevista de traballo. Paréceme unha malvada paradoxa. Nestes intres, penso que o único criterio para un aprazamento ten que ser o sanitario. A miña pregunta é: abau sí, oposición a educación non?

Por outra banda, e se por estrictas e xustificadas medidas sanitarias non se poidesen celebrar o 20 de xuño do 2020 non hai outras datas alternativas durante o ano: xullo, setembro, decembro?

Gostaríame crer na responsabilidade de todos e cada un de nós á hora de atallar esta crise sanitaria, económica, educativa, emocional; o único xeito de chegar a un novo equilibrio social. E que esa responsabilidade alume esta carta e cada un dos nosos actos e decisións.

Un cordial saúdo,

A rectangular image showing a handwritten signature in blue ink on a light-colored background. The signature reads "Silvia Teseude" followed by a horizontal line.

Opositora de Educación na rama de Lengua Castelá e Literatura